

## **CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E TÉCNICO NON PERMANENTE DA "FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA" REFERENCIA: 2024/01**

### **PUBLICACIÓN 14 DE XANEIRO DE 2025**

**Advertidos erros** no texto das bases da convocatoria:

No apartado **VII) Solicitudes**, na **páxina 8**

**Onde di:**

1. As solicitudes dirixiranse ao Director do CESGA, presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, [www.sede.xunta.gal](http://www.sede.xunta.gal), utilizando o Modelo de solicitude que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA [[www.cesga.es](http://www.cesga.es)]. En devandito modelo as persoas aspirantes deberán rexistrar os seus datos de identidade e contacto que se empregarán para as comunicacións. Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

**Debe dicir:**

1. As solicitudes dirixiranse ao Director do CESGA, presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, [www.sede.xunta.gal](http://www.sede.xunta.gal), utilizando o Modelo de solicitude que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA [[www.cesga.es](http://www.cesga.es)]. En devandito modelo as persoas aspirantes deberán rexistrar os seus datos de identidade e contacto que se empregarán para as comunicacións. Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), mediante o código do procedemento **PR004A** (presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado) e o destinatario será o CESGA (Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia – Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional). No cadro "**Asunto relacionado**" do citado formulario **PR004A**, deberá indicarse "**Solicitud para a participación na convocatoria do proceso selectivo 2024/01, no posto de referencia....**" (copiar a referencia do posto no que desexa participar publicado no Anexo II das Bases da convocatoria)

No apartado **III) Modalidades de contratación**, na **páxina 5**, no segundo parágrafo:

**Onde di:**

"• **Contrato temporal de persoal de investigación.** Poderán realizarse contratos temporais de persoal de investigación para cubrir necesidades asociadas á estricta execución de proxectos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ou de fondos europeos non competitivos, polo tempo necesario para a execución dos citados proxectos, de acordo co establecido na disposición adicional décima da Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación."



**Debe decir:**

**“• Contrato temporal de persoal de investigación.** Poderán realizarse contratos temporais de persoal de investigación para cubrir necesidades asociadas á estrita execución de proxectos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ou de fondos europeos non competitivos, polo tempo necesario para a execución dos citados proxectos, de acordo co establecido no Real decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.”

No apartado **g. PARTICIPACIÓN**, na **páxina 57**, no segundo parágrafo:

**Onde di:**

“O prazo de presentación das solicitudes será de 30 días desde a publicación da presente convocatoria”

**Debe decir:**

“O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles desde a publicación da presente convocatoria”

No apartado **h. PUBLICACIONES**:

**Onde di:**

[www.cesga.gal](http://www.cesga.gal)

**Debe decir:**

“Todas as publicacións relativas ao proceso selectivo destas prazas realizaránse na páxina web do CESGA, na sección de emprego, no seguinte enlace

[www.cesga.es/transparencia/emprego/](http://www.cesga.es/transparencia/emprego/)

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

O Director Xerente da Fundación CESGA,

Lois Orosa Nogueira

